



PROGRAMA

PRIMEIRA PARTE: "DA IMAXINACIÓN Á ESCRITA"

Martes 12, 19 e 26 de xaneiro, 2 e 9 de febreiro

Esta parte do taller está orientada ás persoas que desexan iniciarse na arte literaria ou consolidar con exemplos claros as nocións elementais que interveñen en todo acto literario. Practicaremos coa lectura de diversos textos de relato e novela de autor para desentrañar as pezas que os conforman, ao tempo que sentaremos as bases para a busca do noso estilo propio como escritores e escritoras.

12 de xaneiro, 20:00 h. INAUGURACIÓN

CONFERENCIA a cargo de GUSTAVO MARTÍN GARZO

"A fráxil existencia"

(RECOMENDAMOS A LECTURA DAS NOVELAS: *La princesa manca*, Gustavo Martín Garzo, Ave del Paraíso, 1995; *El valle de las gigantas*, Gustavo Martín Garzo, Destino, 2000; *La casa cerrada*, Gustavo Martín Garzo, Lumen, 2009.)

19 de xaneiro: Quero ser escritor.

A tarefa do escritor. Intencións. De que parto e a onde quero chegar. Reflexións de por que escribo. Imaxinación, creatividade e traballo. Modos de traballar. Ter fe nun mesmo. Dar vida a un folio en branco. Exercicios de desbloqueio. O traballo dos sentidos, ver, ulir, tocar, mirar, saborear, palpar...

26 de xaneiro: Buscando historias I.

Na busca do tema. Estratexias para favorecer a inspiración. Vida, memoria, literatura. Narrar a realidade. Verdades, mentiras e verosimilitude.

2 de febreiro: Voces narrativas e personaxes.

Primeiras nocións sobre punto de vista da narración e personaxes. Da literatura do eu á literatura do nós. A autobiografía. Paixóns, sentimentos, emocións.

A literatura do nós. A importancia da verosimilitude. "Escribir cos fíos da vida."

9 de febreiro: Tempo e espazo narrativos.

Primeiras nocións de espazo e tempo narrativos. O ritmo do relato.

SEGUNDA PARTE: "DA IMAXINACIÓN Á NOVELA EN PAPEL"

Martes 23 de febreiro, 2, 9, 16 e 23 de marzo e 6 de abril

Nesta segunda parte consolidaremos os coñecementos adquiridos intuitivamente ao longo da nosa traxectoria como lectores e como escritores e desenvolveremos estratexias para lograr consolidar os nosos traballos de creación. Afondaremos nos elementos máis importantes que interveñen en toda técnica narrativa e practicaremos coa lectura de diversos textos de relato e novela de autor para lograr resolver as nosas propostas e mellorar o noso estilo como escritores e escritoras.

23 de febreiro: Sentámonos a escribir I.

Sentir un texto. Documentación. Borradores. Un bo caderno de apuntes. Como traballar os nosos manuscritos incompletos e facer deles unha boa novela.

2 de marzo: Sentámonos a escribir II. Personaxes.

Un bo comezo e a tensión narrativa. O conflito. Os personaxes. Personaxes de conto e personaxes de novela.

9 de marzo: Sentámonos a escribir III. O diálogo.

Caracterización psicolóxica a través da descrición, da narración ou do diálogo.
Rendibilizar os diálogos: naturalidade, eficacia, acotacións. Monólogos e silencios.

16 de marzo: Sentámonos a escribir IV. O espazo.

Traballar a documentación. Traballar a descrición. Adxectivación e substantivación. Reconstruír unha paisaxe. Espazos de ficción. Espazos urbanos e rurais.

23 de marzo: Sentámonos a escribir V. O tempo.

O tempo do relato. O tempo da historia. Documentación. O tempo do pasado. O tempo do futuro. O tempo do presente.

6 de abril: Sentámonos a escribir VI. O final.

Os desenlaces. Finais abertos, pechados, circulares, absurdos. Metaliteratura.
Humor e subversión.

TERCEIRA PARTE: NAVEGANDO POR MARES DE TINTA

Martes 13, 20 e 27 de abril, 4, 18 e 25 de maio, 1, 8 e 15 de xunio

Nesta terceira parte viaxaremos ás palabras escritas por outros e polos elementos que conforman cada xénero. Así, a través deste percorrido polas veredas máxicas da literatura, afianzaremos os coñecementos aprendidos. Finalmente enfrontarémonos á tarefa de rematar e enviar orixinais do noso traballo co desexo de que se convirtn en pequenos universos autónomos para ser lidos por outros, é dicir, en **MUNDOS DE PAPEL**.

13 de abril: O conto ou a novela de amor I.

Proposta de lectura: *Rayuela* de **Julio Cortázar**.

20 de abril: O conto ou a novela eróticos.

Proposta de lectura: *El amante de lady Chatterley* de **D. H. Lawrence** ou algúns contos de **Quim Monzó**.

27 de abril: O conto ou a novela memorialística.

Proposta de lectura: *El mar* de **John Banville**.

4 de maio: O Relato ou a novela infantil.

Proposta de lectura: *Pucho o habitador de tellados* de **Manuel Janeiro**, editorial Kalandraka.

18 de maio: Relato ou novela histórica.

Proposta de lectura: *Memorias de Adriano* de **Marguerite Yourcenar**
O armiño dorme de **Xosé A. Neira Cruz**. *Rinocerontes e quimeras* de **Marcos Calveiro**.

25 de maio: A novela xuvenil longa, límites e fronteiras.

Proposta de lectura: *La sombra del viento* de **Carlos Ruíz Zafón**.

1 de xuño: Un tipo de novela xuvenil: a novela de aprendizaxe.

Proposta de lectura: *A sombra descalza* de **An Alfaya**, edicións Xerais de Galicia.

8 de xuño: Relatos ou novelas que tamén poden ser lidas polos nenos, un concepto amplo de literatura para todos os públicos.

Propostas de lectura: *A princesa manca* de **Gustavo Martín Garzo**.
O derradeiro irmán de **Natacha Apanach**.

15 de xuño: Recapitulación.

Lectura de orixinais e instrucións para envialos a editoriais ou concursos para a súa edición. Maratón de lecturas compartidas.

22 de xuño, 20:00 h. CONFERENCIA DE CLAUSURA

Ademais da asistencia física ao obradoiro presencial pódense enviar dous traballos cada mes ao seguinte correo electrónico macuf.mundosdepapel@gmail.com que se devolverán corrixidas ao longo do mes correspondente.